



COMUNICADO DE PRENSA

Novo paso no apoio ao tecido produtivo e á reactivación económica de Galicia

Lidl redobra o seu compromiso cos provedores galegos ao sumar á súa oferta 60 novos produtos da rexión

- ***Logo de unirse á campaña ‘Mercaproximidade’ da Xunta e de lanzar a ‘Semana Galega’ nos seus 600 establecementos españois, a cadea pon en marcha agora unha nova iniciativa para incentivar o consumo de produtos galegos e apoiar á industria agroalimentaria local, nun contexto de especial dificultade para o sector***
- ***Dende esta mesma semana a compañía incrementará progresivamente o seu surtido de produtos locais nas súas 32 tendas de Galicia, con carne da IXP ‘ternera galega’, salgaduras de ‘porco galego’, froitas e verduras de quilómetro cero, así como queixos ou viños de distintas D.O.***
- ***Con este proxecto, Lidl reforza a súa colaboración co sector agroalimentario galego, ao que lle mercou produto por valor de 1.000 M€ nos últimos catro anos, exportándoo ás súas tendas en España e outros 30 países***

Galicia, 15 de outubro de 2020. Lidl reforza o seu compromiso co produto galego e comeza unha nova acción para fomentar a compra e o consumo de produtos de proximidade, aumentar a presenza de artigos de quilómetro cero nos seus lineais e intensificar o seu decidido apoio ao impulso de sectores estratéxicos para a economía galega.

Dende esta mesma semana, e progresivamente durante todo o mes de outubro, a compañía irá introducindo máis de 60 novas referencias 100% galegas nos seus 32 puntos de venda de Galicia, que formarán parte do surtido permanente, incluíndo distintas referencias de carne, froitas e verduras de quilómetro cero ou queixos ou viños con D.O.

A iniciativa presentouse na tenda de Lidl situada na Rúa Eslovenia (Santiago de Compostela). Durante o acto, o responsable de Producións Agrícolas e Extensivas de Unións Agrarias, José Ramón González, sinalou que *“todos os esforzos suman e, nun*

momento coma o actual, ter o respaldo de Lidl representa un verdadeiro balón de osíxeno para os nosos produtores” e animou aos galegos a “elixir sempre referencias de proximidade que contribúen a xerar emprego e riqueza á rexión”. Neste senso, engadiu que “o compromiso que mantén Lidl con Galicia tradúcese en feitos concretos, coma esta iniciativa, que avala a súa aposta decidida pola economía galega e os seus sectores estratéxicos”.

Pola súa banda, o director rexional de Lidl en Galicia, Jaime Herrá, declarou que “dende o inicio da crise sanitaria en Lidl quixemos reforzar o compromiso que dende hai máis de 25 anos vimos mantendo co produto gallego. Conscientes das dificultades que están a atravesar algúns produtores para darlle saída á súa produción, temos redobrado a nosa colaboración co tecido produtivo local. Con esta nova acción, queremos seguir axudando á reactivación da economía galega, aos seus provedores, e ao tempo incentivar a compra e o consumo do excelente produto da rexión”.

Na actualidade, Lidl merca cada ano produto galego por valor de máis de 260 millóns de euros (uns 1.000 M€ nos últimos catro anos), entre eles leite (UHT e fresca), conservas de pescado, viños, cervexa ou queixos. Colabora habitualmente con 60 provedores da rexión aos que lles adquire unhas 400 referencias e moitas delas expórtaas ás súas 600 tendas en toda España e á súa rede de máis de 11.000 establecementos en 30 países de Europa, sendo unha das súas principais plataformas de exportación.

Novos produtos esta mesma semana: tenreira galega

Esta semana incorporáronse ás 32 tendas da Comunidade as primeiras referencias, unha vintena en total. Entre elas destacan media ducia de produtos da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) de **‘tenreira galega’**, coma filete, escalopín, estofado, burger meat ou preparado de carne picada.

Coa presenza de tenreira galega nos seus lineais, a cadea de supermercados complementa a súa oferta de produtos cárnicos mercados na nosa comunidade (na actualidade xa traballaba con provedores locais de polo e coello, aos que en breve se engadirá o porco) e reforza o vínculo creado hai anos coa gandeiría sostible en Galicia.

O compromiso co sector lácteo galego

También se introduciron máis dunha decena de **artigos lácteos** da marca galega Larsa, entre eles diversas variedades de leite e iogures, e queixos de Denominacións de Orixe coma Arzúa-Ulloa, Tetilla ou San Simón da Costa.

Trátase dun paso máis na aposta que Lidl mantén dende hai anos polo sector lácteo da rexión. Todo o leite fresco (e boa parte do UHT) que vende en España baixo a súa marca Milbona provén de Galicia. Grazas a este compromiso, [a cadea está contribuíndo de forma significativa ao desenvolvemento económico e social do medio rural na rexión](#), traballando con máis de 1.000 granxas e pequenos gandeiros, apostando ademais pola produción sostible. Lidl converteuse no primeiro supermercado do país en certificar o 100% do seu leite en benestar animal, garantindo así que as vacas se crían en condicións óptimas. O seu leite fresco, ademais, tamén está certificado en pastoreo, sendo o primeiro supermercado que incorporou leite fresco de pastoreo galego.

O compromiso de Lidl con Galicia

Dende o inicio da crise sanitaria Lidl redobrou o seu apoio ao tecido produtivo galego. Nos últimos meses tense sumado á campaña 'Mercaproximidade' da Xunta e celebrou a 'Semana Galega' para achegar Galicia ás súas 600 tendas de España.

Con esta nova iniciativa pretende continuar a contribuír ao desenvolvemento económico e social da comunidade, promovendo que tanto empresas consolidadas coma pequenos provedores coma A Cobideza (queixos), Bodegas Santa Marta (viños), Terras da Mariña (Faba de Lourenzá), Habelas Hailas (licores) ou El Colmenar de Sara (mel) teñan un papel protagonista nos seus lineais.

Sobre Lidl

Lidl Supermercados é unha cadea de distribución posicionada a medio camiño entre o hard discount e o supermercado tradicional. A compañía entrou no mercado español en 1994 e dende entón non deixou de medrar. Na actualidade posúe unha estrutura de máis de 600 tendas, 10 plataformas loxísticas e un equipo humano integrado por máis de 16.000 profesionais.

Lidl Supermercados é a filial en España da alemá Lidl Stiftung, quen, xunto á cadea de hipermercados Kaufland, conforma o Grupo Schwarz. Actualmente, o Grupo Schwarz ocupa o 4º posto a nivel mundial no ranking de distribución de alimentación e está presente en 33 países do mundo cunha rede de máis de 12.500 establecementos.

Para máis información:

Gabinete de Prensa de Lidl Supermercados

Tel.: 93 576 14 44

departamento.comunicacion@lidl.es

